XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15005002 | IES Ramón Otero Pedrayo | A Coruña | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Latín | 4º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 23 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 24 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 25 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 25 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 29 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 30 |
| 7.2. Actividades complementarias | 31 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 32 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 33 |
| 9. Outros apartados | 33 |

## 1. Introdución

A materia de Latín de 4º de ESO comprende catro bloques de contidos, todos de igual importancia, aínda que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia. Esta programación prioriza os contidos de natureza lingüística, totalmente novos para o alumnado, fronte os contidos de tipo histórico, social, cultural..., que tampouco serán descoidados, pois contextualizan os textos aos que o alumnado accederá a través dos coñecementos lingüísticos adquiridos. En todas as avaliacións haberá unha unidade dedicada a estes contidos, que se completará cunha obra de lectura que afonde na cultura e historia latinas.
Sobre o alcance dos contidos gramaticais tívose en conta, por unha banda, que a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato; por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, e as cinco declinacións latinas; na morfoloxía verbal identificará as conxugacións e non irá máis alá dos tempos simples de indicativo e dalgún dos compostos, e da voz activa. Tamén se dedicará tempo ao uso correcto das preposicións e aos conectores básicos. Déixanse para outros cursos, pois, o subxuntivo, a voz pasiva, as formas non persoais do verbo e a gradación do adxectivo. Con este deseño da programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.
En canto ao peso das diferentes avaliacións, hai que salientar que a terceira terá máis valor, pois os contidos lingüísticos vanse acumulando.

Os catro bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 4º de ESO en nove unidades didácticas cuxa relación atópase establecida máis abaixo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente. | 2 | 2-3 | | | | 1 | | 1 |
| OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural. | | 2-3 | 1 | | | | 3 | |
| OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental. | 2 | 1-2 | 1 | | 4 | | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín. | 2 | 2-3 | 1 | 2 | | | | |
| OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade. | | 3 | | 1-3 | | 1-4 | | 1-2 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Lingua latina 1: primeiros pasos en latín | Nesta UD introdúcense aspectos básicos da lingua latina: en primeiro lugar, orixe e parentesco con outras linguas, así como o abecedario e a pronuncia, para que en cada unidade o alumnado poida tomar contacto co latín a través da lectura de pequenos textos adaptados. A nivel nominal, preséntanse os conceptos de caso e de declinación, e a 1ª declinación. Daranse tamén as primeiras pautas para a tradución do latín ao castelán ou galego. Como en todas as unidades de tipo lingüístico, parte desta dedícase á adquisición dun vocabulario latino, á evolución do latín ás linguas románicas, aos mecanismos de creación de novos termos a partir do latín e ao coñecemento dalgún dos latinismos máis frecuentes. | 10 | 12 | X | | |
| 2 | Lingua latina 2 | Nesta UD o alumado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. Avanzarase tamén na tradución de textos | 10 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Lingua latina 2 | do latín ao castelán ou ao galego. Na morfoloxía nominal hanse tratar a 2ª declinación e os adxectivos 2-1-2. Seguirase a incrementar o vocabulario latino así como o coñecemento da evolución do latín ás linguas románicas, dos mecanismos de creación de novos termos a partir do latín e dos latinismos. | 10 | 12 | X | | |
| 3 | Civilización e cultura latinas 1: familia, educación e relixión | Nesta UD preténdese que o alumnado entre en contacto con algúns aspectos importantes da civilización latina: a familia, a educación e a relixión. Farase unha reflexión sobre os aspectos positivos e sobre os que entran en conflito cos valores da sociedade actual (especialmente en relación coa situación da muller romana). Insistirase tamén na influencia da mitoloxía nas artes plásticas occidentais. Completarase o tema coa lectura do libro Mitos griegos, de Maria Angelidou. | 10 | 8 | X | | |
| 4 | Lingua latina 3 | Nesta UD o alumado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. Ademais da tradución de textos do latín ao castelán ou ao galego, practicarase a retroversión ao latín de frases sinxelas en castelán ou galego. Comezarase coa morfoloxía verbal: os temas e as conxugacións, as desinencias persoais da voz activa e o presente e o imperfecto de indicativo. En morfoloxía nominal hase tratar a 3ª declinación (imparisílabos). Ademais, prestarase especial atención ás preposicións e á súa relación cos casos, así como aos conectores. Continuarase traballando o vocabulario latino, a evolución do latín ás linguas románicas, os mecanismos de creación de novos termos a partir do latín e os latinismos | 10 | 12 | | X | |
| 5 | Lingua latina 4 | Na UD mantense a lectura, a reflexión e os exercicios de diferente tipo, incluídas traducións e retroversións. Ademais, o alumnado aprenderá unhas mínimas fórmulas básicas da lingua latina como o saúdo, a despedida, frases para falar sobre a súa familia, para expresar onde está ou onde se dirixe... Na morfoloxía nominal hase rematar coa 3ª declinación (parisílabos). En morfoloxía verbal verase o futuro imperfecto de indicativo. Continuarase coa adquisición de vocabulario e co afondamento na evolución do latín ás linguas románicas, nos mecanismos de creación de novos termos a partir do latín e nos latinismos | 10 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | Civilización e cultura latinas 2: estrutura social e política; a literatura latina | O obxectivo desta UD é dobre: preténdese por unha banda un achegamento á estrutura social romana, así como ás institucións políticas e militares dende un punto de vista crítico, tendo en conta o legado na sociedade europea e destacando os aspectos que chocan cos valores dunha sociedade libre e democrática. Por outra banda, farase un achegamento á literatura latina e á súa influencia no presente, que se completará coa lectura dunha edición adaptada das Metamorfoses de Ovidio. | 10 | 8 | | X | |
| 7 | Lingua latina 5 | Nesta UD o alumnado continúa co seu traballo mediante a lectura, a reflexión e a realización de exercicios, tradución e retroversións. Na morfoloxía nominal hanse tratar a 4ª e 5ª declinación e os adxectivos da 3ª declinación. Hase seguir a adquirir máis vocabulario latino e latinismos e continuarase a aprender sobre evolución do latín ás linguas románicas e os mecanismos de creación de novos termos a partir do latín. | 10 | 14 | | | X |
| 8 | Lingua latina 6 | Na UD, o alumnado segue a traballar a través da lectura, a reflexión e a realización de exercicios, tradución e retroversións. Farase un repaso dos coñecementos gramaticais adquiridos nas unidades didácticas anteriores. Na morfoloxía verbal, introducirase o tema de perfecto e tratarase o pretérito perfecto de indicativo. Na morfoloxía nominal, introduciranse os pronomes persoais e demostrativos. Hase adquirir máis vocabulario latino e latinismos, e consolidar o xa adquirido; o mesmo respecto á evolución do latín ás linguas románicas e aos mecanismos de creación de novos termos a partir do latín | 20 | 15 | | | X |
| 9 | Civilización e cultura latinas 3: a historia de Roma e a romanización de Hispania | Na UD haberá un achegamento á xeografía e historia de Roma, así como ás pegadas da romanización na cultura e no legado material da Gallaecia e de Hispania. Completarase coa lectura dunha obra ambientada na época de transición entre a República e o Imperio: Guárdate de los idus, de Lola Gándara. | 10 | 12 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Lingua latina 1: primeiros pasos en latín | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | O alumnado identificará a orixe do latín e o seu parentesco con outras linguas, especialmente coas románicas, coñecerá as letras do alfabeto latino e a pronuncia e acentuación correcta dos textos latinos. | PE | 75 |
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | O alumnado distinguirá entre palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos e dobretes. Aplicará algunhas normas da evolución fonética do latín ao castelán (perda do -m do acusativo e do -e átono final) comparando co galego e comezará a adquirir vocabulario latino. | | |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | O alumnado coñecerá os seis casos latinos e distinguirá a cal das cinco declinacións pertencen os substantivos. Enunciará e declinará correctamente os substantivos da 1ª declinación. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | O alumnado empezará a aplicar os principios básicos da tradución do latín ao castelán en oracións moi breves, con axuda de dicionarios e glosarios en papel ou dixitais. | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado lerá en voz alta texto latinos sinxelos coa pronuncia axeitada e expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos. | TI | 25 |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | O alumnado coñecerá o significado dalgunhas das principais locucións latinas de uso actual e saberá empregalas cando se exprese na súa propia lingua. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | O alumnado identificará lexemas de orixe latino en castelán, galego e outras linguas, identificará e explicará algúns dos principais prefixos latinos e empregaraos nas linguas que manexa para crear palabras por derivación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Lingua latina 2 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | O alumnado aplicará algunhas normas da evolución fonética do latín ao castelán (evolución do -u final átono, aparición do e- protético) comparando co galego e reflexionará sobre a etimoloxía das palabras. Incrementará a adquisición de vocabulario latino. | PE | 75 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | O alumnado enunciará e declinará correctamente os substantivos da 2ª declinación. Enunciará e declinará con corrección os adxectivos 2-1-2 e declinará substantivos e adxectivos en concordancia. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | O alumnado traducirá do latín ao castelán oracións breves con axuda de dicionarios e glosarios en papel ou dixitais. Xustificará a tradución, identificará correctamente a categoría gramatical, o xénero, o número e o caso das palabras con flexión e marcará as funcións na oración. | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea en voz alta. | TI | 25 |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | O alumnado lerá textos latinos sinxelos en voz alta con pronuncia e acentuación axeitadas. Entregará, polo menos, un audio coa lectura dun texto breve. | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | O alumnado coñecerá o significado dalgunhas das principais locucións latinas de uso actual e saberá empregalas cando se exprese na súa propia lingua. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | O alumnado identificará lexemas de orixe latino en castelán, galego e outras linguas, identificará e explicará algúns dos principais prefixos latinos e empregaraos nas linguas que manexa para crear palabras por derivación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. |

| Contidos |
| --- |
| - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | Civilización e cultura latinas 1: familia, educación e relixión | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina. | O alumnado comparará as semellanzas e diferenzas entre a familia, a educación e a relixión en Roma e na actualidade. | PE | 75 |
| CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes. | O alumnado explicará a estrutura da familia romana, prestando especial atención ao papel da muller, e será consciente a través disto dos estereotipos culturais da época. | | |
| CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas. | O alumnado identificará os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando as súas características, e coñecerá algúns dos mitos dos que forman parte. Recoñecerá a presenza da mitoloxía grecolatina nalgunhas das principais manifestacións artísticas occidentais. | | |
| CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | O alumnado lerá textos en versións bilingües sobre a familia, a educación e a relixión, e comentará os aspectos fundamentais a partir dos seus coñecementos. | TI | 25 |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea e sobre a súa relación coa situación presente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.<br>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.<br>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.<br>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.<br>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.<br>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...<br>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. |

| Contidos |
|---|
| - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Lingua latina 3 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | O alumnado aplicará algunhas normas da evolución fonética do latín ao castelán (evolución de ditongos, oclusivas xordas intervocálicas, xeminadas -rr- -nn-) comparando co galego e reflexionará sobre a etimoloxía das palabras. Incrementará a adquisición de vocabulario latino. | PE | 75 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Na morfoloxía verbal, o alumnado enunciará os verbos, clasificaraos segundo a súa conxugación e conxugará o presente e imperfecto de indicativo. Na nominal, declinará os substantivos imparisílabos (3ª declinación). Coñecerá algunhas preposicións (e a súa conexión cos casos) e conxuncións. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | O alumnado traducirá do latín ao castelán oracións breves con axuda de dicionarios e glosarios en papel ou dixitais. Xustificará a tradución, identificará correctamente a categoría gramatical, o xénero, o número e o caso das palabras con flexión e marcará as funcións na oración. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | O alumnado realizará a retroversión ao latín de frases sinxelas en castelán. | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea en voz alta. | TI | 25 |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | O alumnado lerá textos latinos sinxelos en voz alta con pronuncia e acentuación axeitadas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | O alumnado coñecerá o significado dalgunhas das principais locucións latinas de uso actual e saberá empregalas cando se exprese na súa propia lingua. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | O alumnado identificará lexemas de orixe latino en castelán, galego e outras linguas, identificará e explicará algúns dos principais sufixos latinos e empregaraos nas linguas que manexa para crear palabras por derivación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. |

| Contidos |
|---|
| - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Lingua latina 4 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | O alumnado aplicará algunhas normas da evolución fonética do latín ao castelán (evolución de oclusivas sonoras intervocálicas, grupo -ns-) comparando co galego e reflexionará sobre a etimoloxía das palabras. Incrementará a adquisición de vocabulario latino. | PE | 75 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | En morfoloxía verbal, o alumnado conxugará o futuro imperfecto de indicativo dos verbos regulares e do verbo sum. En morfoloxía nominal, enunciará e declinará correctamente os substantivos parisílabos da 3ª declinación. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | O alumnado traducirá do latín ao castelán oracións breves con axuda de dicionarios e glosarios en papel ou dixitais. Xustificará a tradución, identificará correctamente a categoría gramatical, o xénero, o número e o caso das palabras con flexión e marcará as funcións na oración. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | O alumnado realizará a retroversión ao latín de frases sinxelas en castelán | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | O alumnado coñecerá o significado dalgunhas das principais locucións latinas de uso actual e saberá empregalas cando se exprese na súa propia lingua. | TI | 25 |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | O alumnado identificará lexemas de orixe latino en castelán, galego e outras linguas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | O alumnado empregará algunhas formas básicas da lingua latina (saúdo, despedida, frases para presentarse, falar da súa familia, das súas actividades cotiás...) en diálogos orais entre eles. Entregarase un diálogo en formato vídeo e o seu guión por escrito. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. |

| Contidos |
|---|
| - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Civilización e cultura latinas 2: estrutura social e política; a literatura latina | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina. | O alumnado comparará as semellanzas e diferenzas entre a organización da sociedade e do sistema político-militar en Roma e na actualidade. | PE | 75 |
| CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes. | O alumnado explicará a estrutura social romana, con especial atención ao papel dos escravos, e reflexionará a partir disto sobre a desigualdade social. Describirá as diversas formas de organización do sistema político-militar romano. | | |
| CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | O alumnado coñecerá os trazos máis importantes dos principais xéneros literarios latinos e as obras dalgúns dos autores fundamentais (en especial, as Metamorfoses de Ovidio). | | |
| CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina. | O alumnado será consciente da pervivencia dos xéneros, autores e obras latinos a través da tradición clásico-humanística e da súa influencia actual. | | |
| CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | O alumnado coñecerá os materiais e soportes da escritura, e a súa importancia na transmisión textual. | | |
| CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | O alumnado lerá textos en versións bilingües sobre a estrutura social e política e a literatura, e comentará os aspectos fundamentais a partir dos seus coñecementos. | TI | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea e sobre a súa relación coa situación presente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.<br>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.<br>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.<br>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.<br>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.<br>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.<br>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...<br>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.<br>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Lingua latina 5 | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | O alumnado aplicará algunhas normas da evolución fonética do latín ao castelán (evolución do o e do e breves tónicos) comparando co galego e reflexionará sobre a etimoloxía das palabras. Incrementará a adquisición de vocabulario latino. | PE | 75 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | O alumnado enunciará e declinará correctamente os substantivos da 4ª e 5ª declinación. Enunciará os adxectivos da 3ª declinación e declinará con corrección polo menos os adxectivos de dúas terminacións. Declinará adxectivos e substantivos en concordancia. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | O alumnado traducirá do latín ao castelán oracións breves con axuda de dicionarios e glosarios en papel ou dixitais. Xustificará a tradución, identificará correctamente a categoría gramatical, o xénero, o número e o caso das palabras con flexión e marcará as funcións na oración. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | O alumnado realizará a retroversión ao latín de frases sinxelas en castelán | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea en voz alta. | TI | 25 |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | O alumnado lerá textos latinos sinxelos en voz alta con pronuncia e acentuación axeitadas. | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | O alumnado coñecerá o significado dalgunhas das principais locucións latinas de uso actual e saberá empregalas cando se exprese na súa propia lingua. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | O alumnado identificará lexemas de orixe latino en castelán, galego e outras linguas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. |

| Contidos |
| --- |
| - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | Lingua latina 6 | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | O alumnado aplicará algunhas normas da evolución fonética do latín ao castelán (evolución das vogais átonas postónicas, f- inicial, grupos consonánticos cl-, fl-, pl- -cti-) comparando co galego, e reflexionará sobre a etimoloxía das palabras. Incrementará a adquisición de vocabulario latino. | PE | 75 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | En morfoloxía verbal, o alumnado identificará o tema de perfecto e conxugará o pretérito perfecto de indicativo dos verbos regulares e do verbo sum. En morfoloxía nominal, declinará os pronomes persoais e coñecerá algún dos pronomes demostrativos. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | O alumnado traducirá do latín ao castelán oracións breves con axuda de dicionarios e glosarios en papel ou dixitais. Xustificará a tradución, identificará correctamente a categoría gramatical, o xénero, o número e o caso das palabras con flexión e marcará as funcións na oración. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | O alumnado realizará a retroversión ao latín de frases sinxelas en castelán. | | |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea en voz alta. | TI | 25 |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | O alumnado lerá textos latinos sinxelos en voz alta con pronuncia e acentuación axeitadas. | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | O alumnado coñecerá o significado dalgunhas das principais locucións latinas de uso actual e saberá empregalas cando se exprese na súa propia lingua. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | O alumnado identificará algúns lexemas de orixe latino e grego que serven para a creación de termos científicos e técnicos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Civilización e cultura latinas 3: a historia de Roma e a romanización de Hispania | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos. | O alumnado coñecerá os trazos esenciais das etapas da historia de Roma, con especial atención á transición entre a República e o Imperio, e enmarcará determinados feitos no período correspondente. Recoñecerá a localización de Roma e os límites do Imperio no seu período de máxima extensión. | PE | 75 |
| CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado. | O alumnado explicará o proceso de conquista e romanización da Hispania e, máis especificamente, a presencia romana na Gallaecia e as súas pegadas. | | |
| CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | O alumnado lerá textos en versións bilingües sobre a historia de Roma e as provincias de Hispania, e comentará os aspectos fundamentais a partir dos seus coñecementos. | TI | 25 |
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | O alumnado expresará de forma argumentada a súa opinión sobre algún dos aspectos culturais ou históricos presentes nos textos que lea e sobre a súa relación coa situación presente. | | |
| CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | O alumnado fará unha breve exposición sobre un elemento do legado romano en Galicia (edificacións, lugares, transformacións da paisaxe...). | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.
- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.
- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.
- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.
- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...
- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.

| Contidos |
|---|
| - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. |
| - Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. |
| - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. |
| - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. |
| - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. |
| - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Baixo o noso punto de vista, o proceso de ensino-aprendizaxe debe cumprir estes requisitos:
-Partir das aprendizaxes previas do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento.
-Asegurar a construción de aprendizaxes significativas recorrendo aos coñecementos previos e á memorización comprensiva.
-Favorecer que o alumnado realice aprendizaxes significativas tanto individualmente como en grupo.
-Proporcionar situacións de aprendizaxe motivadoras, que estean relacionadas cos intereses do alumnado.
Tendo isto en conta, a nosa práctica educativa segue estes principios:
-Metodoloxía activa: supón integrar ao alumnado na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
-Motivación: ter sempre presentes os intereses, as necesidades e as expectativas do alumnado e fomentar o traballo en grupo.
-Atención á diversidade do alumnado: será fundamental ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como as súas capacidades.
O curso de Latín de 4º da ESO incorpora contidos de diverso tipo: historia e civilización romana, historia da lingua, tradución e interpretación de textos, léxico, gramática latina... Contidos que integraremos na maior medida posible. Por outra banda, nesta materia o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre a historia, sociedade e literatura de Roma en comparación coa actualidade, así como sobre as achegas da cultura latina á nosa civilización. Para isto será necesario un certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo mediante procedementos básicos da materia: selección e interpretación de textos, estudo de aspectos e contidos lingüísticos, a argumentación en público e a comunicación audiovisual. Polo tanto, as explicacións do profesor/a mesturaranse con actividades dirixidas e traballos; ademais, a lectura de obras actuais, relacionadas pola súa temática coa civilización grecolatina, axudará ao alumnado a achegarse á cultura e historia romanas. Nalgúns aspectos da área, o traballo colaborativo achegará o adestramento de habilidades sociais básicas e un enriquecemento persoal desde a diversidade, e constituirá unha ferramenta perfecta para discutir e afondar nos contidos da área.
Os contidos propiamente lingüísticos e os no lingüísticos estarán sempre relacionados entre si. Deste xeito, a través da lectura de fragmentos de textos en latín ou bilingües, o alumnado poderá reflexionar sobre o contexto histórico e socio-cultural ao mesmo tempo que desenvolver coñecementos lingüísticos. En canto ás explicacións da fonética do latín, basearanse nas normas mínimas necesarias para que o alumnado leve a cabo a lectura en voz alta de textos sinxelos, para que os alumnos e alumnas poidan desenvolver oralmente diálogos creados por eles mesmos e para favorecer a comprensión dos diversos fenómenos evolutivos desde o latín ao castelán e o galego.
Relacionado con isto último, darase importancia a que o alumnado capte, mediante a práctica, a relación entre o latín e as linguas románicas, especialmente as dúas habituais na nosa comunidade, distinguindo palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos e latinismos, e a que desenvolva estratexias co fin de entender a evolución do latín a estas linguas. Isto favorecerá o enriquecemento progresivo do léxico do alumnado, igual que os exercicios de identificación de prefixos, sufixos e lexemas latinos en palabras en castelán ou galego.
Finalmente, en morfoloxía traballarase a flexión nominal e verbal dende o primeiro momento a través de exercicios específicos, e en sintaxe repasaranse sempre que sexan necesarias as estruturas castelás e galegas, partindo da estrutura latina e facendo énfase en todo o que ofreza un uso diferente e cunha equivalencia que non sexa

facilmente
deducible. As explicacións serán contrastivas, insistindo nas diferenzas co castelán e o galego e resaltando os paralelismos e conexións. O alumnado fará tamén traducións de pequenos textos latinos seleccionados, así como retroversións ao latín, sobre as que versarán as explicacións gramaticais pertinentes.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto: 4 ESO Latín, editorial Anaya, ISBN: 978-84-143-2901-6 |
| Recursos en rede proporcionados pola editorial Anaya. |
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente. |
| Dicionarios e glosarios. |
| Escolma de textos variados. |
| Selección de obras de lectura obrigatorias (Mitos griegos, de Maria Angelidou;  Metamorfosis, de Ovidio; Guárdate de los idus, de Lola Gándara). |
| Filmografía axeitada ás diversas unidades. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. |
| Aula virtual. |
| Ordenador de aula e proxector. |
| Aplicacións informáticas e multimedia. TIC. |

O libro de texto, unido ás explicacións do docente, permite ao alumnado o acceso a saberes básicos e actividades, que se complementan cos recursos en rede proporcionados pola editorial e cos recursos elaborados polo docente. Os dicionarios ou glosarios facilitados ao alumnado e a escolma de textos bilingües axudan á comprensión e interpretación dos textos; as obras de lectura obrigatorias e a filmografía complementarán o coñecemento da historia e cultura latinas.
A aula virtual debe ser o espazo de referencia no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. Aquí deben estar a programación completa da materia, un resumo cos aspectos máis relevantes da mesma, o calendario e, sobre todo, o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e/ou exercicios).
O ordenador de aula e o proxector son de especial relevancia nas partes da materia onde non se utiliza libro de texto.
O alumnado debe estar afeito a traballar con programas e/ou aplicacións informáticas que lle permitan elaborar presentacións, liñas de tempo, textos con imaxes, vídeos, etc. O emprego das TIC é un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

-www.tarraconensis.com
-culturaclasica: www.culturaclasica.com
-Latín 4º ESO Laura Lamata Meana: https://www.educa2.madrid.org/web/laura.lamata/11
-Almacén de clásicas: https://almacendeclasicas.blogspot.com/
-Iter Hispanum: https://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/14002996/helvia/aula/archivos/repositorio/0/241/html/iter/index.html
-Proyecto PALLADIUM: https://servicios.educarm.es/cnice/palladium/datos/Palladium/latin/esindex.php

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO.
Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:
1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.
3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a Internet fóra do centro.
6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos haberá unha proba escrita na primeira semana de clase, que se completará cun diálogo informal co alumnado. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial servirán para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **20** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | **75** |
| **Táboa de indicadores** | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | **25** |

**Criterios de cualificación:**

O alumnado superará a materia en dous supostos:
1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
2.- A media ponderada entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5.
A cualificación final obtense a partir da media ponderada entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación da seguinte porcentaxe por avaliación:
1ª: 30%
2ª: 30%
3ª: 40%
O alumnado coa materia superada aínda pode mellorar a súa cualificación ata un punto en caso de entregar, no prazo fixado, as actividades propostas polo profesor/a.

**Criterios de recuperación:**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, o alumno poderá recuperar mediante a realización dun exame só das unidades suspensas. Daránselle todas as facilidades sobre os contidos específicos e a forma da citada proba.
En caso de haber un alumno con toda a materia suspensa ao longo do curso, este fará un exame final dos contidos específicos da materia. Daráselle información sobre os contidos e a forma do exame.
Estas probas realizaranse os últimos días de clase en xuño.
O alumnado superará a materia en dous supostos:
1.- Obter unha nota igual ou superior a 5 no exame. Ademais, teranse en conta as tarefas e o traballo realizado polo alumno ao longo do curso. Estas actividades poderán subir ata 1 punto a nota final.
2.- Se o alumno obtivo unha nota inferior a 5 nesta proba de xuño, teranse en conta as tarefas e o traballo realizado polo alumno ao longo do curso. Estas actividades poderán subir ata 1 punto a nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:

-Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
-Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
-Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:

-Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
-Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

O alumnado que curse de novo 4.º de ESO, será obxecto dun plan específico personalizado no que, a partir dunha valoración das súas necesidades específicas de apoio educativo, hanse especificar, de ser o caso, unhas medidas concretas de actuación e o seu seguimento.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | | X | X | | X | X | | |
| ET.3 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | | | X | | | X | | |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - A creatividade. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | X |
| ET.3 - A competencia dixital. | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | X |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X |
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | X |
| ET.8 - A creatividade. | X |

**Observacións:**

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín.
2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar mediante o visionado de películas ou documentais e mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais.
3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando a consulta de información en Internet e o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro.
4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente nas unidades nas que se tocan aspectos sociais da sociedade romana, nos que tamén inflúen os económicos.
5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano.
6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula.
7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante nas unidades nas que se trate a literatura, a familia e a estrutura social, este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo.
8. A creatividade. Ten cabida en todas as unidades didácticas propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia a unha obra teatral ou a un espectáculo relacionado coa cultura latina | A asistencia a espectáculos é unha actividade que fomenta o achegamento lúdico e persoal á literatura e a cultura latinas. Tamén permite introducir temas transversais como a educación emocional e en valores e a igualdade de xénero. | | X | |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro, o Día da Biblioteca... | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de busca de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar. | X | X | X |
| Visionado de películas. | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Esta actividade axuda a contextualizar os contidos relacionados coa historia, a cultura e os modos de vida romanos e pode dar lugar a debates. | X | X | X |
| Visita a un lugar de interese cultural relacionado coa civilización romana | De ser posible, é recomendable a visita a algún monumento romano da contorna ou a un museo con restos arqueolóxicos. | | | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. |
| Metodoloxía empregada |
| 2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. |
| Clima de traballo na aula |
| 5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación. |

**Descrición:**

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.
3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na

programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado
na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de curso. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, nas actas das reunións de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:
a. Resultados académicos do grupo.
b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

## 9. Outros apartados